

# 38 MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

[www.mostrateatrocangas.gal](http://www.mostrateatrocangas.gal)



TAQUILLA



01-10  
XULLO  
2021

Ilustración: Leandro Lamas - Maquetación: Diego Seixo

# ÍNDICE

- 01. PROGRAMA
- 03. TAQUILLA
- 04. PRESENTACIÓN
- 05. PROGRAMACIÓN AUDITORIO
- 13. PROGRAMACIÓN TEATRO NA RÚA
- 20. ESPAZOS ALTERNATIVOS
- 23. XXI XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN
- 28. EVENTOS

## ORGANIZACIÓN

**Dirección Artística e Programación:** María Armesto

**Dirección de produción:** Salvador del Río

**Actividades Paralelas e Formación:** Silda Alfaro

**Asesoramento Programación:** Xoan Carlos Riobó

**Xestión MITCFC:** María Xosé Mariño "Che"

**Comunicación:** Clara Castilla

**Fotografía:** ProLight Foto Estudio

### Técnicos Municipais:

**Técnico de Cultura:** Estanislao Graña

**Director Auditorio Municipal:** Juan José Pérez

**Directora do CIM:** Paula Tenorio

## ASISTENCIA TÉCNICA

### Ningures Producción SL:

Héctor Pazos

Serafín Piñeiro

### Auditorio Municipal

Paco Alfaro

Andrés Otero

## ENTIDADES

### Entidades Organizadoras:

A.C. Xiria

Ilmo. Concello de Cangas

Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Ningures Producción S.L.

### Entidades Patrocinadoras:

Ilmo. Concello de Cangas

Xunta de Galicia, AGADIC

Frigoríficos del Morrazo

Excma. Deputación de Pontevedra

### Entidades Colaboradoras:

Erregueté

Centro Dramático Galego

Fundación SGAE

## DESEÑO E EDICIÓN

**Ilustración cartel:** Leandro Lamas

**Deseño gráfico e web:** Diego Seixo

**Edita:** Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, 2021

# PROGRAMA

## 11 DE XUÑO A 10 DE XULLO

SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

CANTOS SOMOS NUN EU? Exposición Loreto Blanco

## XOVES, 01 XULLO

12:00 BUEU

CASTINGJO Se Rial & Anabel Budiño

16:30 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

CORPO SONORO: UNHA VIAXE VIBRATORIA

20:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN X. M. Pazos Varela

21:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

TEATREIRO DE SEU homenaxe a X. M. Pazos Varela

## VENRES, 02 XULLO

10:00 BIBLIOTECA AUDITORIO MUNICIPAL

FONDO TEATRAL MARÍA CASARES ata o 10 de xullo

12:00 CANGAS

CASTINGJO Se Rial & Anabel Budiño

19:00 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

HISTÓRIA DA DANÇA CONTEMPORÁNEA NA GALIZA

20:30 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

LA XIRGU Teatro del Norte

20:30 ADRO CAPELA DO HOSPITAL

SECRETOS DE ALCOBA Miss Beige

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

PREGÓN INAUGURAL por Fran Paredes

MOCOS Contraproducións

## SÁBADO, 03 XULLO

10:00 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

OBRADOIRO SALÓN DES REFUSÉS

12:00 O FACHO, O HÍO

O MONTE DAS ARAS Teatro de Ningures

20:30 ADRO DO HÍO

EL GRAN BRAULIO Adrián Conde Espectáculos

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

ISOLADA Cía Pajarito

20:30 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

VENCERSE É COUSA DE SE TRATAR Fernando Abreu

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

LA SEÑORITA DOÑA MARGARITA Petra Martínez e

Juan Margallo seguido de Coloquios Entre Público e Escena

## DOMINGO, 04 XULLO

12:00 O FACHO, O HÍO

O MONTE DAS ARAS Teatro de Ningures

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL

EL GRAN BRAULIO Adrián Conde Espectáculos

20:30 ADRO DA CAPELA DO HOSPITAL

VICTORIA Diáspora Teatro

20:30 SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

SALÓN DES REFUSÉS Ana Esmith e alumnado

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

EL VIENTO ES SALVAJE las niñas de Cádiz

## LUNS, 05 XULLO

20:00 XARDÍNS DO SEÑAL E SALA EXPOSICIÓNS AUDITORIO  
REVOLTALLO colectivos culturais de Cangas

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS  
AS BRUXAS DE SALEM Escola de Teatro de Cangas

## MARTES, 06 XULLO

16:30 SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS  
III ENCONTRO TEATRO E EDUCACIÓN

19:30 SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO MUNICIPAL  
V TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

20:30 ADRO DA CAPELA DO HOSPITAL  
VICTORIA Diáspora Teatro

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS  
GALA ERREGUETÉ. 100 números da Revista Galega  
de Teatro

## MÉRCORES, 07 XULLO

16:00 CASA DA CULTURA, DO 7 AO 10 DE XULLO  
OBRADOIRO PAÍS

20:30 PRAZA DA CONSTITUCIÓN  
AL OTRO LADO Zanguango Teatro

21:00 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS  
SEMENTE, O HOME QUE PLANTABA ÁRBORES Eme2

## XOVES, 08 XULLO

16:30 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL  
TEATRAGAL 25 ANOS DESPOIS

20:00 PRAZA DA CONSTITUCIÓN  
COMANDO SEÑORAS

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL  
GHOP! Teatro ó Cubo

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS  
ESPÉCIES LÁZARO Teatro Art'imagem seguido de  
Coloquios Entre Público e Escena

## VENRES, 09 XULLO

19:00 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL  
ARTISTAS, ACTIVISTAS E VISIONARIAS. XXI Xornadas  
Mulleres en Acción

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL  
ABRACADAVER Assircopatas

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS  
RITOS DE AMOR Y GUERRA Comando Señoritas

## SÁBADO, 10 XULLO

20:30 ADRO DO HÍO  
ABRACADAVER Assircopatas

20:30 XARDÍNS DO SEÑAL  
WATER FALLS La Mecànica & MimePrague

20:30 SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL  
A QUE NON PODES DICIR COCACOLA? II Avelina Pérez

22:30 AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS  
PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2021  
PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2021  
A CONTENDA DOS LABRADORES DE CALDELAS OU  
ENTREMÉS FAMOSO SOBRE A PESCA DO RÍO MIÑO  
Centro Dramático Galego e Cía de Teatro de Braga

# TAQUILLA

Recoméndase e prérgase a compra online de localidades (sen gastos nin comisión), por comodidade para o público e para axilizar a entrada ao Auditorio.

Desaconséllase a compra de localidades no Despacho de Biletetes do Auditorio, a venda no propio auditorio realizarase cumprindo a normativa en seguridade e distanciamento social vixente na data da función.

Na presente edición da MITCFC, debido á redución de aforo, non se ofertarán abonos para todos os espectáculos.

Seguindo a normativa vixente, o acceso aos espectáculos programados durante a MITCFC nas rúas e prazas terá un aforo limitado, polo que será necesario a retirada da entrada previamente ao comezo da función.

### 1. VENDA ANTICIPADA

Sen gastos de xestión para o público. Para todos os espectáculos (auditorio, rúa e sala de exposicións do auditorio) do 11 de xuño ata 15 minutos antes do inicio do espectáculo desde a web da MITCFC.

Tel.: 902 504 500

### 2. VENDA NO DESPACHO DE BILLETES DO AUDITORIO PARA TODOS OS ESPECTÁCULOS

#### ESPECTÁCULOS DO AUDITORIO

Dúas horas antes do comezo de cada función.

Póñense á venda as entradas sobrantes, se as houbera, da venda anticipada.

#### ESPECTÁCULOS DE RÚA E SALA DE EXPOSICIÓNS

O mesmo día da función de 19:30h a 20:00h.

Póñense á venda as entradas sobrantes, se as houbera, da venda anticipada.

### 3. PREZOS

Os espectáculos programados no AUDITORIO terán un prezo de 8€, agás os programados os días 5 e 7 de xullo, que terán un prezo de 5€.

O espectáculo programados na sala de exposicións terán un prezo de 5€

Os espectáculos programados nas rúas e prazas terán un valor simbólico de 1€, e será preciso dispoñer da entrada con anterioridade ao comezo da función.

### 4. A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS SIGNIFICA A ACEPTACIÓN DESTAS CONDICIÓN

O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais polo que, neste caso, declínase toda a responsabilidade e non se permite o acceso ao recinto a todo portador dunha entrada enmendada, rota ou con indicios de falsificación.

Non se admiten cambios ou devolucións.

Prégase máxima puntualidade. É potestade da organización permitir ou non a entrada ao recinto unha vez comezado o espectáculo.

Resérvase o dereito de admisión.

Quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual do espectáculo, non podendo o portador da entrada introducir cámaras fotográficas, de vídeo ou grabadoras, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización do organizador.

Prégase desconectar calquera tipo de aparello electrónico e silenciar as alarmas dos reloxos e os teléfonos móbiles.

É obrigatorio o uso de máscara en todos os espectáculos, tanto no auditorio como na rúa, tal e como esixe a normativa en seguridade e distanciamento social vixente.

# XXXVIII MOSTRA

Non hai relación máis viva e estable que a que actrices, actores, equipas técnicas e artísticas teñen co público. A XXXVIII MITCFC abre as portas a ese público e artistas que queren deixar atrás a pandemia, que devecen por restablecer a relación natural do escenario co patio de butacas, por volver á convención teatral, por recuperar o latexo conxunto que só o corazón dun teatro pode albergar.

Público e artistas son un mesmo corpo cunha mesma paixón, O TEATRO. Dous grandes pulmóns que cheos de aire fresco, de arte, de forza, de vida, compromiso, maxia e humor, ascenden con xiria a costa da pandemia, confiando no poder curador do teatro.

Erguemos pois o pano desta 38ª edición coa convicción de que o compromiso das artes vivas, do gran teatro e o humor, serán a mellor menciña, a poderosa fonte de enerxía que nos permita avanzar e deixar os malos tempos atrás. Xuntas e xuntos, público e artistas, podemos cambiar a realidade e facer deste mundo un lugar de solidariedade e concordia. Porque o teatro é unha arte transformadora, insubmisa, unha forza combativa que nos leva, sempre, a un lugar mellor, sen violencias, sen machismo nin sometemento, sen miseria nin mediocridade.

Vexámonos no teatro, pintemos no pano de fondo o mellor mundo posible. Porque a Cultura é segura, e o TEATRO, tamén.

Benvidas e benvidos á XXXVIII MITCFC.  
Entrade na vosa casa.

#TeatroSeguro #CulturaSegura



MOSTRA  
INTERNACIONAL  
DE TEATRO  
CÓMICO  
E FESTIVO  
DE CANGAS

# #TEATRO NO AUDITORIO

VENRES, 02 XULLO 22:30

## **MOCOS**

CONTRAPRODUCCIÓN

SÁBADO, 03 XULLO 22:30

## **LA SEÑORITA DOÑA MARGARITA**

PETRA MARTÍNEZ E JUAN MARGALLO

DOMINGO, 04 XULLO 22:30

## **EL VIENTO ES SALVAJE**

LAS NIÑAS DE CÁDIZ

MÉRCORES, 07 XULLO 21:00

## **SEMENTE. O HOME QUE PLANTABA ÁRBORES**

EME2 PRODUCCIÓN

XOVES, 08 XULLO 22:30

## **ESPÉCIES LÁZARO**

TEATRO ART'IMAGEM

VENRES, 09 XULLO 22:30

## **RITOS DE AMOR Y GUERRA**

COMANDO SEÑORAS

SÁBADO, 10 XULLO 22:30

## **A CONTENDA DOS LABRADORES DE CALDELAS OU ENTREMÉS FAMOSO SOBRE A PESCA DO RÍO MIÑO**

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO / COMPAÑÍA DE TEATRO DE BRAGA



# MOCOS

CONTRAPRODUCCIÓN, GALICIA · VENRES, 2 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

Contraproduccións é unha empresa galega dedicada á creación e distribución de espectáculos escénicos, conducida por Cándido Pazó, autor e director teatral, e Belén Pichel, xefa de produción.

Cunha vocación teatral de signo aberto, intención crítica e relación fresca e directa cun público de amplo espectro, é a plataforma que acolle a maior parte das creacións escénicas de Cándido Pazó no campo do teatro e a narración oral, aínda que dando cabida tamén a outras figuras da dirección escénica ou a escritura teatral, así como a coproduccións ou colaboracións con outras estruturas.

Un divertimento teatral que, neste atribulado tempo no que a escola é un dos ámbitos eivados pola COVID, xoga coa memoria herdada dese mundo que, a gusto ou a desgusto, todos habitamos algún día.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 80'

**Dirección:** Cándido Pazó

**Autoría:** Cándido Pazó

**Interpretación:** Cándido Pazó

**Música orixinal e espazo sonoro:** Manuel Riveiro

**Iluminación e técnico en escena:** Afonso Castro

**Escenografía, vestuario e atrezzo:** Carlos Alonso

**Colaborador no atrezzo:** Dani Trillo



# LA SEÑORITA DOÑA MARGARITA

PETRA MARTÍNEZ E JUAN MARGALLO, MADRID · SÁBADO, 03 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL · ESTREA EN GALICIA

Juan Margallo e Petra Martínez están considerados por algúns especialistas como un dos eixes vertebrais do teatro independente en España. Ambos recibiron en 2011 a "Medalla de Oro al Mérito en las Bellas Artes".

A señorita Doña Margarita é mestra. Autoritaria, ecoloxista, ególatra, violenta, sensible, cariñosa e moitas outras cousas, trata de iniciarnos no mundo dos adultos. O mundo da alfabetización informática, o who is who, o recoñecer que non somos nada, forma parte da bagaxe a transmitirnos.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 80'

**Dirección:** Juan Margallo

**Autoría:** Roberto Athayde

**Interpretación:** Petra Martínez

**Producción executiva:** Kike Gómez

**Axte. dirección:** Aída de la Rocha

**Deseño de iluminación:** Leticia L. Karamazana

**Deseño de escenografía e vestiario:** Alessio Meloni

**Son:** Juan Margallo

**Fotografía e vídeos:** Susana Martín

**Gráficas:** Marcos Moreno

**Ilustracións:** Quique Santana

**Técnica de luces:** Ana López

**Prensa:** María Díaz

**Distribución:** Amadeo Vañó – Cámara Blanca

#TEATRO NO AUDITORIO 07



# EL VIENTO ES SALVAJE

LAS NIÑAS DE CÁDIZ, ANDALUCÍA · DOMINGO, 04 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL · ESTREA EN GALICIA

Las niñas de Cádiz é unha compañía de teatro que traballa desde as raíces, fusionando elementos da cultura popular e o folclore con outros da denominada tradición culta. E sempre desde o humor. Para nosoutas, o humor é un xeito de mirar a vida, de entendela, de sentila... Por máis que os temas abordados nas nosas funcións sexan universais, trágicos ou profundos, non podemos deixar nunca o riso, é o noso xeito de arredondar as arestas da vida.

O propio nome, “Las Niñas de Cádiz”, é unha declaración de principios: unha referencia explícita ás Puellae Gaditanae, bailarinas e cantantes celebradísimas do Imperio Romano. Mulleres artistas, populares, irreverentes, provocadoras e libres.

Dúas amigas: Vero e Mariola. Dúas amigas tan amigas que son irmás. Unidas desde a infancia por un amor e unha fidelidade inquebrantable. Compartindo todo: xoguetes, roupa, cigarros, pinturas ... Só unha sombra sobre a súa amizade:

Mentres que unha medraba confiada  
Mimada pola vida e sorrinte  
A outra sentíase desgraciada...

**Destinado a:** Público adulto  
**Duración:** 80'

**Dirección:** Ana López Segovia  
**Autoría:** Ana López Segovia  
**Interpretación:** Ana López Segovia, Alejandra López, Teresa Quintero, Rocío Segovia





# SEMENTE, O HOME QUE PLANTABA ÁRBORES

EME2 PRODUCCIÓN, GALICIA · MÉRCORES, 07 XULLO 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Eme2 produción e distribución SL foi constituída en abril de 2001 como unha empresa adicada a ofrecer servizos integrais para as artes escénicas. Cunha visión aberta e multidisciplinar intentamos pensar nas necesidades de programacións concretas e os seus contextos para elixir a mellor opción.

Inspirado en acontecementos reais, Semente, o home que plantaba árbores é unha historia inesquecible sobre o poder que o ser humano ten de influenciar o mundo ao seu redor. Narra a vida dun home e o seu esforzo solitario, constante e paciente, para facer do lugar onde vive un lugar especial.

É unha historia admirable que nos mostra como un home humilde e insignificante aos ollos da sociedade, consegue reforestar el só unha das rexións máis inhóspitas e áridas de Francia.

**Destinado a:** Público infantil, a partir de 6 anos.

**Duración:** 45'

**Dirección e adaptación:** José Carlos García

**Autoría:** Jean Giono

**Interpretación:** Mercedes Castro

**Tradución:** Sandra Romarís

**Deseño de luz:** Bruno Estevez

**Música:** varios

**Vestiario:** MM

**Técnico en xira:** Héctor Pazos

**Produción executiva:** eme2

**Distribución:** eme2

#TEATRO NO AUDITORIO 09



# ESPÉCIES LÁZARO

TEATRO ART'IMAGEM, PORTUGAL · XOVES, 08 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL · ESTREA EN ESPAÑA

Compañía financiada polo Ministerio da Cultura/DG Artes, fundada en 1981, integra actualmente tres xeracións de profesionais. A súa sé é en Porto, mais ten asinado un convenio coa Câmara Municipal da Maia, para responsabilizarse da programación do Auditorio da Quinta da Caverneira, en Águas Santas.

Volver á vida ou non. Espécies Lázaro é unha comedia áspera e aceda na que catro personaxes masculinos de diferentes orixes e condicións coinciden nun mesmo lugar sen ter, aparentemente nada en común, alén de tomar forzas para regresar á súa antiga vida e cambiar radicalmente o curso da mesma. Durante a súa inesperada convivencia nun espazo arrasado polo lume, coa observación dunha especie de Lázaro como único obxectivo, os catro personaxes descubrirán un sentido común que fará remover todas as súas verdades.

Nesta ocasión, a autora Vanesa Sotelo, responsable tamén da dirección, retoma a súa reflexión sobre a ruptura de fronteiras a través das raíces da lingua portuguesa e galega.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 70'

**Dirección:** Vanesa Sotelo

**Autoría:** Vanesa Sotelo

**Intérpretes:** Flávio Hamilton, Pedro Carvalho, Davide González

**Sonoplastia:** Davide González

**Escenografía:** Vanesa Sotelo e José Lopes

**Figurinos:** Sofia Silva

**Deseño de Luz:** André Rabaça

**Fotografía:** Nuno Ribeiro

**Deseño Gráfico:** Tiago Dias

**Produción:** Sofia Leal e Zé Pedro



# RITOS DE AMOR Y GUERRA

COMANDO SEÑORAS, CATALUÑA · VENRES, 09 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL · ESTREA EN GALICIA

Comando Señorás é un colectivo formado por una vintena de mulleres de diferentes idades que propón unha relectura da muller en sociedade a través da ficción. Os seus ámbitos de traballo son os espectáculos de teatro, as cápsulas audiovisuais e as accións de rúa.

Nun recuncho do imaxinario colectivo, reside a Señora por antonomasia. A que ten o segredo mellor gardado do caldo de Nadal. A que che cura o arrefriado cunha sopa de tomillo. A que che quita a quenda no supermercado, controla as mellores ofertas, cóidate, cocíñate, acompañate... A que cala ou a que fixeron calar. A construída a partir dunha imaxe que poucas veces se corresponde coa realidade: a mala bruxa, a mala sogra, a alcaiota, a cubilleira, a viúva, a madrastra... A Señora é a sombra da cal non sabes nada. Agora todas estas "señoras" decidiron apropiarse da súa historia e organizarse. Hai moitas, están por todas partes. Saíron dese recuncho e despregaron a súa grandiosidade. Son un comando. Son bestas. Son bruxas. E están en guerra.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 50'

**Dirección:** Alicia Reyero

**Autoría:** Comando Señorás

**Intérpretes:** Lola Armadàs, Gisela Arnao, Laura Bernis, Gemma Charines, Ana Chinchilla, Rosa Devesa, Laia Falp, Adriana Feito, Montse Folgado, Aura Foguet, Joana Herance, Maribel Martin, Laura Martuscelli, Ilona Muñozm Alicia Reyero, Carla Ricart, Barbara Roig, Maria Roig, Núria Salvadó, Elena Sandell, Cristina Serrat, Nina Uyà.

**Asesoría de movemento:** Ariadna Peya

**Técnico:** Alberto Manzano

**Fotografía:** Noemí Elías

**Cartel:** EntreMars

**Diseño de iluminación:** Ganecha Gil

**Asistencia de dirección:** Núria Salvadó

**Producción:** Lola Armadàs, Laia Falp

**Producción de Bloody Mary activisme escènic. En colaboración con La Bonne**

#TEATRO NO AUDITORIO 11



# A CONTENDA DOS LABRADORES DE CALDELAS OU ENTREMÉS FAMOSO SOBRE A PESCA DO RÍO MIÑO

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO / COMPAÑÍA DE TEATRO DE BRAGA, GALICIA / MINHO · SÁBADO, 10 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

Nun tempo en que estas dúas compañías (CTB e CDG) levan anos traballando a temática das fronteiras e a identidade, parécenos o momento oportuno de recuperar a colaboración establecida ao longo dos anos nos moitos proxectos que buscaron reforzar a nosa identidade común e realizar este espectáculo.

Pasaron 350 anos dende que Gabriel Feixoo de Araúxo escribira "A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño". 350 anos e o río segue a correr, separando e unindo, Galicia e Portugal, Galicia e maila rexión do Miño. A obra fala dun tempo e dun lugar concreto pero é universal e percorre a historia: as fronteiras, a loita polos recursos, a loita de clases.

**Destinado a:** Público adulto · **Duración:** 80'

**Dirección:** Fran Núñez

**Autoría:** Gabriel Feixoo de Araúxo

**Dramaturxia:** Javier Alonso de Castilla

**Intérpretes:** Yeliz Balim, Rogério Boane, Sílvia Brito, Carlos Feio, Eduarda Filipa, António Jorge, Grasiela Müller, Fran Núñez, Aisa Pérez e Solange Sá

**Apoio dramaturxico:** Rui Madeira

**Asistente de iluminación:** Biqui Cabado

**Vestuario:** Cristina Cordido e María Negreira

**Apoio verso:** Aisa Pérez

**Deseño de produción:** Rui Madeira

**Asistente de produción:** Xandre Vázquez

**Composición musical:** Grasiela Müller (CTB) Carlos Rilo, Carlos Taboada, José Ramón Bugliot e Daniel Romero (CCG)

**Equipo espazo escénico:** Salvador Forján, Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, Fernando Rodríguez, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites

**Iluminación:** Juanjo Amado e Tierri Pinto

**Son e audiovisuais:** Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez

**Axudantía de dirección:** Sílvia Brito

**Coreografía:** Belén Vázquez e Pilar Peña

**Produción:** Paula Fonseca (CTB) e Francisco Veiga (CDG)

# #TEATRO NA RÚA

XOVES, 01, VENRES, 02 E SÁBADO, 03 XULLO 12:00 · BUEU, CANGAS E MOAÑA

## CASTINGJO

SE RIAL & ANABEL BUDIÑO. COPRODUCE MITCFC

VENRES, 02 XULLO 20:30 · ADRO CAPELA DO HOSPITAL

## SECRETOS DE ALCOBA

MISS BEIGE

SÁBADO, 03 E DOMINGO, 04 XULLO 12:00 · O FACHO, O HÍO

## O MONTE DAS ARAS

TEATRO DE NINGURES

SÁBADO, 03 E DOMINGO, 04 XULLO 20:30 · ADRO DO HÍO E XARDÍNS DO SEÑAL

## EL GRAN BRAULIO

ADRIÁN CONDE ESPECTÁCULOS

SÁBADO, 03 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

## ISOLADA

CÍA PAJARITO, COPRODUCE MITCFC

DOMINGO, 04 E MARTES, 06 XULLO 20:30 · ADRO DA CAPELA DO HOSPITAL

## VICTORIA

DIÁSPORA TEATRO

MÉRCORES, 07 XULLO 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

## AL OTRO LADO

ZANGUANGO TEATRO

XOVES, 08 XULLO 20:00 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN

## COMANDO SEÑORAS

COMANDO SEÑORAS

XOVES, 08 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

## GHOP!

TEATRO Ó CUBO

VENRES, 09 E SÁBADO, 10 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL E ADRO DO HÍO

## ABRACADAVER

ASSIRCOPATAS, COPRODUCE MITCFC

SÁBADO, 10 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

## WATER FALLS

LA MECÀNICA & MIMPRAGUE



## CASTINGJO

SE RIAL & ANABEL BUDIÑO. COPRODUCE MITCFC, GALICIA  
01, 02 E 03 XULLO 12:00 · BUEU, CANGAS E MOAÑA · ESTREA ABSOLUTA

Dúo cómico nacido da complicidade de dúas amigas dedicadas ao teatro e cun obxectivo común, arrincar un sorriso en cada unha das súas actuacións. Sé Rial, contacontos e cómica de "Codia e Miolo" e Anabel Budiño, actriz de "Moito Morro Teatro", coñécense en Teatro do Morcego en 2017 e xorde a necesidade de traballar da man. Xuntas crean os dúos Os Lamentos e Ajripina e Modesta.

Perfomance en clave de humor na que dúas directoras de audiovisual percorren as rúas do Morrazo coa intención de facer un involuntario casting co público a través de probas físicas, dramáticas, humorísticas, de voz ou canto, para determinar que persoas formarán parte do elenco dunha hipotética curtametraxe. Unha clara denuncia da dificultade das mulleres para acceder ás producións audiovisuais.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 50'

**Dirección, autoría e interpretación:** Se Rial e Anabel Budiño



## SECRETOS DE ALCOBA

MISS BEIGE, MADRID  
VENRES, 02 XULLO 20:30 · ADRO CAPELA DO HOSPITAL · ESTREA EN GALICIA

Ana Esmith, (Madrid, 1976), é licenciada en Periodismo pola UCM e diplomada en Arte Dramático, escola Philippe Gaulier, en Londres. A súa formación periodística e artística únense da man no eido da performance con Miss Beige, a súa primeira exploración nun traballo non verbal.

Un convite para coñecer a Miss Beige e deitarse con ela. De novo, o espectador, que debe entrar en solitario ou en grupos reducidos, convértese en protagonista, tendo que interpretar a insinuación.


A vulnerabilidade do artista fronte a vulnerabilidade do espectador. Pero, quen mira a quen?

Dependerá do espectador ata onde queira chegar cando se sinta provocado. Os límites ponos o espectador e as reflexións tamén pero xa é hora de poñer ao público, se así o desexa, nunha situación que non saiba controlar. O mirón tamén terá que xogar e arriscar. Hai moitos xeitos de xogar e ser xogado e Miss Beige coa súa presenza coloca ao espectador nunha posición de sorpresa sen escapatoria. E TI, ATRÉVESTE A SER BEIGE?

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 90'

**Idea, creación e performer:** Ana Esmith



## O MONTE DAS ARAS

TEATRO DE NINGURES, GALICIA

SÁBADO, 03 E DOMINGO, 04 XULLO 12:00 · O FACHO, O HÍO

Despois de 35 anos de actividade profesional, TEATRO DE NINGURES, fundada en 1.986, é un punto de encontro imprescindible para as profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego.

Recreamos a historia deste lugar máxico e a relación dos seus habitantes cos viaxeiros que chegaban de todas as partes para ofrecer Aras ao Deus Berobreo, dende a idade de bronce até o século XIX. O público vai cambiando de escenario seguindo aos actores percorrendo todo este espazo dotado dunha singularidade paisaxística e dirixido a todos os públicos.

**Destinado a:** Público familiar

**Duración:** 60'

**Dirección:** Salvador del Río

**Autoría:** Santiago Cortegoso

**Reperto:** Antía Costas, Omar Ferrín e Lois Soaxe

**Escenografía e atrezzo:** Pablo Giráldez "O Pastor"

**Deseño e confección vestuario:** Sonia Rúa, Julia Abal

**Imaxe:** Diego Seixo

**Idea orixinal:** Lois Soaxe



## EL GRAN BRAULIO

ADRIÁN CONDE ESPECTÁCULOS, ASTURIAS/ARXENTINA

SÁBADO, 03 E DOMINGO, 04 XULLO 20:30 · ADRO DO HÍO E XARDÍNS DO SEÑAL  
ESTREA EN GALICIA

A compañía nace en 2006 en Asturias. Gracias á formación artística de Adrián no circo, clown, mimo e, obviamente, a maxia, logra fusionar dun xeito moi particular todas estas disciplinas, conseguindo espectáculos para toda a familia, orixinais e moi diferentes ao habitual, onde se mestura a habilidade do prestidixitador coa mirada tenra do clown e os seus múltiples chiscos ao humor.

Braulio é o mellor mago do mundo ou polo menos iso é o que el cre, pero quen somos nós para facerlle saber a verdade? Así é moito máis divertido, e se soubese do ridículo que está a facer, non se comportaría tal como é. Un mago torpe e tan distraído que non é consciente de que os seus trucos ocorrenlle de pura casualidade. Agora este excéntrico personaxe chega ao noso pobo para amosar o seu "xenial" espectáculo, pero... terá tanta sorte esta vez? Ven a descubri-lo!

**Destinado a:** Público familiar

**Duración:** 50'

**Dirección:** Adrián Conde e Marcelo Katz

**Autoría e interpretación:** Adrián Conde

**Escenografía:** Carmen Rodríguez

**Vestuario:** Carmen Rodríguez



# ISOLADA

## ISOLADA

CÍA PAJARITO, COPRODUCE MITCFG, GALICIA  
SÁBADO, 03 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL · ESTREA ABSOLUTA

Pajarito é unha paíasa de longo percorrido tanto en solitario, como nas compañías Pistacatro ou Chévere. Na súa traxectoria crea a través da comedia e o clown, coa risa como motor principal, buscando chegar ó público nunha conexión directa coa mirada, construíndo universos propios e únicos.

Isolada é a chegada dunha paíasa a unha illa, onde sobrevivir é naufragar, e o fracaso unha forma de existir. Unha historia contada a través dela, do seu xeito de ver o mundo, dende a verdade e o xogo, dende a pureza do ser. Todo cambia a cada instante, porque con todo se pode xogar no presente. Unha aventura chea de ilusión, xogo, imaxes; onde se fala da soidade, da ensoñación, das contradicións eternas do ser humano e da loucura. Unha illa onde a risa e a poesía son o fío entrelazador de historias, e onde se volve á esencia do clown.

**Destinado a:** Público familiar  
**Duración:** 50'

**Dirección, autoría e interpretación:** Natalia Outeiro  
**Mirada extrema:** Alfonso Medina, Arturo Cobas  
**Vestuario:** Carlos Alonso  
**Escenografía:** Natalia Outeiro, Alfonso Medina  
**Fotografía:** Seimeira



## VICTORIA

DIÁSPORA TEATRO, GALICIA/ARXENTINA  
DOMINGO, 04 E MARTES, 06 XULLO 20:30 · ADRO DA CAPELA DO HOSPITAL

Diáspora Teatro é una compañía galego- arxentina de Narración oral, e teatro de Monicreques e Obxectos. Nace no ano 2020 da man de María Dobronich e Dani Blanco ante a necesidade de achegar ao público historias simples e cotiás, que son o motor para a procura dunha poética propia.

O Teatro Lambe-Lambe caracterízase por seres un espectáculo de Teatro de Animación con pequenos bonecos e obxectos que, acompañados por un relato e/ou música en audio, dentro dunha caixa escénica, representan, en non máis de 5 minutos, secretas situacións teatrais que son apreciadas por só unha persoa.

**Destinado a:** Público familiar  
**Duración:** 4'

**Creación, dramaturxia, dirección e interpretación:** María Dobronich  
**Asistencia de dirección:** Daniela Ocampos  
**Espazo sonoro:** Agustín Fara  
**Asesoramento en iluminación:** Mariano Arrigoni  
**Deseño gráfico:** Jesús Graña  
**Agradecementos:** Rocío González Comba Campo





# AL OTRO LADO

ZANGUANGO TEATRO, EUSKADI · MÉRCORES, 07 XULLO 20:30 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN · ESTREA EN GALICIA

PREMIO MAX AO MELLOR ESPECTÁCULO DE RÚA 2020

PREMIO Á MELLOR INTERPRETACIÓN FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO DE VALLADOLID 2019

Apostamos pola renovación do Teatro de Rúa.

Presentamos espectáculos que transforman a rúa en espazos de convivencia, de encontro, onde a vida cidadá é a protagonista. Espectáculos autenticamente rueiros que teñen en conta o lugar e o momento, que interactúan coa realidade. Facemos espectáculos a escala humana, non para multitudes anónimas, senón para individuos conscientes que comparten un espazo, un momento e unha experiencia lúdica. Individuos que, nese acto, recoñécense como colectividade.

Un pano descóbrenos divertidas historias agochadas na vida cotiá das nosas rúas. AL OTRO LADO proponos un dispositivo sinxelo mais inesgotable que atrapa aos paseantes, retratándoos lúcidamente, converténdoo en actores e protagonistas involuntarios dunha historia real e imaxinada que se vai construíndo á vez que avanza o espectáculo. Co humor e a ironía propios dun zanguango.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 55'

**Dirección:** Miguel Muñoz

**Autoría:** Txubio Fernández, Miguel Garcés, Miguel Muñoz

**Intérpretes:** Txubio Fernández e Miguel Garcés

**Escenografía:** Carlos P. Donado

**Vestuario:** Esther Villar



## COMANDO SEÑORAS

COMANDO SEÑORAS, MADRID

XOVES, 08 XULLO 20:00 · PRAZA DA CONSTITUCIÓN · ESTREA EN GALICIA

Comando Señoras é un colectivo formado por una vintena de mulleres de diferentes idades que propón unha relectura da muller en sociedade a través da ficción. Os nosos ámbitos de traballo son os espectáculos de teatro, as cápsulas audiovisuais e as accións de rúa.

Un comando formado por Señoras de diferentes corpos, idades e condicións sociais, sae á rúa para reconquistar o espazo que durante tanto tempo se lles roubou.

O agora vístese de Señora.



## GHOP!

TEATRO Ó CUBO, GALICIA

XOVES, 08 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL

Teatro ó Cubo é unha compañía formada por Sofía Espiñeira e Roberto Casal. A súa formación afonda en diversas disciplinas. Co teatro como eixo común pasando pola danza, o circo, os monicreques e a música, estes dous artistas conforman unha compañía orixinal e sorprendente na que combinan múltiples disciplinas.

Ghop! é un espectáculo de rúa áxil, participativo e cheo de humor. Un berro cheo de enerxía GHOP! un berro cheo de ímpeto para un espectáculo coa estética clásica dos circos ambulantes que no pasado percorrían as prazas dos pobos e aldeas. Os tres protagonistas vestidos e caracterizados para a ocasión, aderezan con malabares, monicreques, acrobacias e pinceladas de maxia, o show de variedades que esta compañía itinerante ofrece a un público desexoso de divertirse e participar. Teatro ó Cubo sae á rúa e completa o seu repertorio teatral para toda a familia.

Destinado a: Público familiar

Duración: 60'

Dirección: Alfredo P. Muíño

Elenco: Sofía Espiñeira, Noel Fandiño e Roberto Casal

Producción: Teatro ó Cubo

Distribución: URDIME, S.C.G



## ABRACADAVER

ASSIRCOPATAS, COPRODUCE MITCFC, GALICIA

VENRES, 09 E SÁBADO, 10 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL E ADRO DO HÍO  
ESTREA ABSOLUTA

**Circo** (lat. circu(m), id:) s.m. 4. fig. Situación confusa e desordenada.

**Psicópata** (de psico- + -patía) s. 2. Persoa cun comportamento en desacordo coas normas sociais admitidas como normais para a idade, sexo, época, etc, á que pertence.

Assircópatas podería encaixar perfectamente na combinación.

Volve Rogelio, cun espectáculo desde a súa casa. Unha cura colectiva para perder o medo. Unha terapia de choque. Cos números de circo máis terroríficos que xamais se viron e que nos porán os pelos de punta. Malabares, faquirismo, acordeón, equilibrios e moitas sorpresas máis non aptas para cardíacos.

**Destinado a:** Público familiar

**Duración:** 45'

**Dirección, autoría e interpretación:** Dani Blanco



## WATER FALLS

LA MECÀNICA & MIMPRAGUE, BALEARES/REPÚBLICA CHECA

SÁBADO, 10 XULLO 20:30 · XARDÍNS DO SEÑAL · ESTREA EN GALICIA

La Mecànica é unha compañía e produtora de artes escénicas establecida en Mallorca, que traballa e colabora transversalmente con artistas nacionais e internacionais, arredor do teatro de movemento e visual en todas as súas formas. Está formada por Pau Bachero e Jenny Vila, ambos cunha dilatada experiencia no eido da produción e a creación a nivel nacional e internacional.

Un só cun compoñente calamitoso. Teatro de rúa e teatro físico fusiónanse nunha peza onde o soño dun artista orgulloso convértese nun pesadelo, a medida que os elementos e o público se involucran, levándoo de arriba abaixo en 30 minutos. Rodeado de decenas de cubos, os problemas medran cando se dá de conta que a gravidade sempre gaña, e que, cando menos o desexas, a auga cae.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 35'

**Dirección e dramaturxia:** Radim Vizváry

**Idea orixinal:** Pau Bachero

**Intérpretes:** Pau Bachero e Joan Vila

**Dramaturxia:** Radim Vizváry

**Música:** Mon Joan Tiquat

**Concepto Visual:** Pau Aulí

**Asesoría de movemento:** Marta Gorchs

**Produción:** Victoria Kersul e Ilona Hájková

**Produción Executiva:** Jenny Vila

#TEATRO NA RÚA 19

# #ESPAZOS ALTERNATIVOS



VENRES, 02 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **LA XIRGU**

TEATRO DEL NORTE

DOMINGO, 04 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **SALÓN DES REFUSÉS**

ANA ESMITH E ALUMNADO SALÓN DES REFUSÉS

MARTES, 06 XULLO 19:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **V TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA**

MITCFC E DRAMATRURGA

SÁBADO, 10 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **A QUE NON PODES DICIR COCACOLA? II**

AVELINA PÉREZ





## LA XIRGU

TEATRO DEL NORTE, ASTURIAS · ESTREA EN GALICIA  
VENRES, 02 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIONS AUDITORIO MUNICIPAL

Teatro del Norte é unha compañía creada en 1985. Desde aquela estreou 70 espectáculos, presentados en España, Portugal, Holanda, Francia, Italia, Montenegro, Romanía, Moldavia, Exipto, USA, Brasil, Arxentina, Uruguai, O Salvador e México.

LA XIRGU fálanos da relación entre García Lorca e Margarita Xirgu. Relación só de 10 anos, pero que marcou a Margarita para sempre. O espectáculo amósanos como Margarita viviu a morte de Federico desde sudamérica e como esa dor e esa perda acompañouna sempre ata a súa morte.

**Destinado a:** Público Adulto  
**Duración:** 60'

**Dramaturxia, dirección e interpretación:** Etelvino Vázquez  
**Espazo escénico:** Carlos Lorenzo  
**Vestiario:** Manuela Caso  
**Música:** Alberto Rionda e Etelvino Vázquez  
**Iluminación:** Rubén Álvarez e Etelvino Vázquez  
**Fotos:** Rafa Pérez  
**Cartaz/programa:** Carlos Lorenzo, E. Vázquez, César Alonso  
**Maquillaxe e perruquería:** Gloria Romero  
**Gravación en vídeo:** La Huella  
**Producción:** Etelvino Vázquez

Espectáculo producido coa axuda da "Consejería de Cultura del Principado de Asturias". Realizado no marco do Centro de Recursos Escénicos do Principado de Asturias. Coa colaboración da Fundación Municipal de Cultura de Siero

## SALÓN DES REFUSÉS

ANA ESMITH E ALUMNADO SALÓN DES REFUSÉS  
DOMINGO, 04 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIONS AUDITORIO MUNICIPAL

Ana Esmith, (Madrid, 1976), é licenciada en Periodismo pola UCM e diplomada en Arte Dramático, escola Philippe Gaulier, en Londres. A súa formación periodística e artística únense da man no eido da performance con Miss Beige, a súa primeira exploración nun traballo non verbal.

Despois de experimentar co fracaso, de arriscar, de xogar cos seus erros, imperfeccións e de afondar un pouco máis na súa implicación coa súa obra, o alumnado do obradoiro impartido por Ana Esmith será o protagonista do seu propio SALÓN DES REFUSÉS e abrirá as súas portas ao público para amosar o seu particular Salón de Rexeitados.

V TORNEO DE  
DRAMATURXIA  
DE GALICIA


MESTRA DE CERIMONIAS:  
ESTHER F. CARRODEGUAS

PARTICIPAN:  
CARLOS SANTIAGO  
ANXO MANOEL  
FÁTIMA DELGADO  
LORENA CONDE

MARTES, 06 XULLO 2021 19:30 H  
SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

MITCFC  
centro dramático galego

DRAMA  
TURGA



## V TORNEO DE DRAMATURXIA DE GALICIA

MITCFC E DRAMATURGA, GALICIA · ESTREA ABSOLUTA

MARTES, 06 XULLO 19:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

O V Torneo de Dramaturxia de Galicia consolídase como unha aposta firme da MITCFC para dar a coñecer a nosa dramaturxia, creando un nexo directo entre autoras/es e público. Este proxecto, pioneiro en Galicia, conta coa imprescindible colaboración de DramaturGA, a primeira asociación profesional da dramaturxia galega.

Unha mestra de cerimonia única presentará este furioso combate no que catro recoñecidas dramaturGAS e dramaturGOS de Galicia bátense na procura do voto do público. As armas a usar? Retruques da palabra, ideas, ritmos, conflitos, sorpresas, accións, silencios.

O público asistirá a catro lecturas dramatizadas, interpretadas por actrices e actores profesionais de recoñecido prestixio, e será o propio público quen vote os textos que máis lles teñan gustado para que, de entre as catro pezas participantes, resulte unha soa a gañadora. Un espectáculo teatral, divertido e único que se verá avivado pola participación activa do público.

**Mestra de Cerimonias:** Esther F. Carrodegua  
**DramaturGAS:** Carlos Santiago, Anxo Manoel, Fátima Delgado e Lorena Conde

## A QUE NON PODES DICIR COCACOLA? II

AVELINA PÉREZ, GALICIA

SÁBADO, 10 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

AveLina Pérez, creadora escénica independente, concibe a escena como un lugar de encontro, un lugar no que a dignidade exista aínda que estea camuflada, agochada, distorsionada, mais sempre presente.

A QUE NON PODES DICIR COCACOLA?(II)

é unha loita inútil e precisa  
un desexo de escribir grandes parágrafos nas  
paredes acabadas de pintar  
unha repetición de incertezas batendo nos puntos  
finais

un querer e un poder  
un frasco de perfume que non recende  
un atentado contra a asepsia.

Algo así é...

Algo así...

**Destinado a:** Público adulto **Duración:** 65'

**Directora, dramaturga e actriz:** AveLina Pérez

**Música orixinal:** Ramón Raíndo

**Coa voz de** Silvia Cerneira

**Iluminación:** Daniel Casquero

**Asesoramento en iluminación:** Teatro Ensalle

**Invita a xogar:** Mara

**Traballo sobre fotografías de** Isidro Pérez (A Guarda)

**Gráfica:** Nadina gráfica

**Vídeo promocional:** Jesús Tejada

**Colabora:** Teatro Ensalle

# XXI XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

DO 11 DE XUÑO AO 10 DE XULLO · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **CANTOS SOMOS NUN EU?**

EXPOSICIÓN DE LORETO BLANCO SALGUEIRO

XOVES, 01 XULLO 16:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **CORPO SONORO: UNHA VIAXE VIBRATORIA**

OBRADOIRO DESTINADO A ASOCIADAS DE ADICAM

SÁBADO, 03 E DOMINGO, 04 XULLO 10:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **OBRADOIRO SALÓN DES REFUSÉS**

ANA ESMITH

SÁBADO, 03 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **VENCERSE É COUSA DE SE TRATAR**

FERNANDO ABREU

VENRES, 09 XULLO 19:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **ARTISTAS VISIONARIAS**

LORETO BLANCO SALGUEIRO

VENRES, 09 XULLO 19:15 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **COMANDO SEÑORAS: RECONSTRUÍNDO A FICCIÓN**

ALICIA REYERO

VENRES, 09 XULLO 19:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## **GRUPO DE ESTUDOS AUDIOVISUAIS DA USC**

CHARLA E COLOQUIO

SÁBADO, 10 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

## **PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2021**

A D<sup>a</sup> MARGARITA LEDO ANDIÓN





## CANTOS SOMOS NUN EU?

EXPOSICIÓN DE LORETO BLANCO SALGUEIRO

11 DE XUÑO A 10 DE XULLO · SALA DE EXPOSICIONS AUDITORIO MUNICIPAL

Loreto Blanco é unha artista galega nacida en Moaña. Licenciouse e doutorouse na Universidade do País Vasco. Actualmente é profesora na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

As imaxes que podemos ver nesta exposición xorden dunha gran conexión e amor á natureza, á que a artista sente profundamente e desde a que xorden os seres que retrata e escoita,

Estes retratos, creados a partir de elementos da natureza fotografados: lume, terra, auga ou aire, non só preséntanse en forma de imaxes pintadas ao óleo, senón tamén coas súas mensaxes escritas. Mensaxes que convidan ao espectador a realizar unha mirada introspectiva cara a dentro, cara a un maior autoconecemento.

**Autoría: Loreto Blanco Salgueiro**

**Interveñen no acto de inauguración:**

**Miguel Ángel Blanco, actor.**

**Patricia Pardo López, bióloga molecular e mentora counseling**

**Boombox Danza Urbana**



## CORPO SONORO: UNHA VIAXE VIBRATORIA

MARÍA COSTAS. OBRADOIRO DESTINADO A ASOCIADAS DE ADICAM

XOVES, 01 XULLO 16:30 · SALA DE EXPOSICIONS AUDITORIO MUNICIPAL

A voz será a protagonista, o fío condutor nesta viaxe. O corpo sonoro vai convidar ao resto dos corpos a ter unha experiencia sonora, vibratoria, creadora, integradora e curadora.

Aínda que nos concibamos a nós mesmas como partes separadas, somos indivisibles. Corpo, mente, emocións ... todo está conectado e esa harmonía nos convirte en seres completos.

Habitarnos plenamente pasa por reconectar, conxugar o corpo físico, o emotivo e a mente nunha unidade. Traelo todo á nosa atención e xogar a vivirse totalmente.

Soltar, ceibar, desfechar eses sons que viven agochados dentro do corpo e tanto molestan. Deixar que o corpo manifeste a incomodidade, que a voz lle axude a flexibilizarse, que o corpo axude a que a voz saia da boca, do corazón, dos fígados...

Somos materia vibrátil, sons en flor. Despreguemos o bálsamo doce da voz sobre as dores e os temores.

Vibremos.





## OBRADOIRO SALÓN DES REFUSÉS

SÁBADO, 03 E DOMINGO, 04 XULLO 10:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO

Neste curso imos experimentar co fracaso, con todas esas veces que nos dixeron que non. Seredes os protagonistas do noso propio SALÓN DE REFUSÉS e ao final do curso o noso Salón de Rexeitados abrirá ao público.

Lonxe do fracaso, preparadas para o éxito, somos persoas rápidas, astutas, intelixentes, seguras, boas, simpáticas, divertidas, falamos e nos colocamos corporalmente ben... sabemos demasiado, facémolo demasiado ben.

Propoño o xogo como ferramenta para a procura individual cara ao descubrimento propio, nun espazo de xogo para que cadaquén poida buscar, descubrir e achegarse a aquilo que xa ten.

Se queres arriscar e xogar cos teus erros, aproveitándote das túas imperfeccións e afondar un pouco máis na TÚA implicación coa TÚA obra, BIENVENUE.

Aberto para artistas, actrices, actores, directoras/es e calquera que utilice a súa persoa no proceso creativo.

Este Salón abrirá ao público o domingo 4 de xullo de 20:30 a 21:30h.

**Imparte: Ana Esmith**

## VENCERSE É COUSA DE SE TRATAR

FERNANDO ABREU, GALICIA.

SÁBADO, 03 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

Peza escénica de Fernando Abreu baseada na obra 'Intempériome' de Xela Arias coa que preparaba un espectáculo de improvisación libre e para o que recupera a propia voz da poeta nun acto tremendamente quebrantador que traslada ao espectador ao núcleo da emoción irracional.

**Destinado a: Público adulto**

**Duración: 50'**

**Dirección: Fernando Abreu**

**Autoría: Fernando Abreu, Xela Arias**

**Fer Abreu: clarinete, teclados e voz**

**Pablo Carrera: guitarras e voz**

**Mónica de Nut: efectos e voz**

**Roi Fernández: cinema**



## ARTISTAS VISIONARIAS

LORETO BLANCO, GALICIA

VENRES, 09 XULLO 19:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

D<sup>a</sup> LORETO BLANCO.

**Pintora. Profesora titular no Departamento de Pintura da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.**

Pese á mestría e á innovación artística que achegaron, pouco se fala das mulleres visionarias no mundo da arte. Dende unha alta conexión co espiritual, estas mulleres exercen de mediadoras co mundo do non visible, valorando o exercicio da arte como un xeito de aceptar a condición humana, de internarse no descoñecido, primando o sentir e a conexión coa alma ás normas sociais establecidas. Algunhas destas mulleres asumiron realizar a súa obra sabendo que sería nun futuro cando a sociedade estivese preparada para recibila e comprendela.

Hoxe podemos observar a obra destas mulleres e albiscar que, no seu traballo e aportación, hai toda unha arte liberadora e profundamente curadora. Mulleres que trazan liñas invisibles cara o coñecemento profundo de si mesmas e deixando que a pegada da súa obra guíe a outras no seu camiño.

Presenta: D<sup>a</sup> María Armesto. Directora Artística MITCFC

## COMANDO SEÑORAS: RECONSTRUÍNDO A FICCIÓN

ALICIA REYERO

VENRES, 09 XULLO 19:15 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

D<sup>a</sup> ALICIA REYERO. ACTRIZ. DIRECTORA.

Comando Señoritas nace no 2018 como resultado dun proceso de creación colectiva no marco da formación regular, Reconstruír a Ficción, que imparte Alicia Reyero.

Formación de mulleres de diferentes idades e ciclos vitais na que se analiza o papel da muller na ficción e a relación existente entre as diferentes violencias que sufrimos as mulleres froito da devandita representación. Acostumadas a consumir ficcións creadas por homes onde as mulleres están absolutamente sexualizadas e en raras ocasións os personaxes principais pasan dos 30 anos, preguntámonos:

Por que se estigmatiza ás señoras que nos coidan, que nos dan a vida, que sosteñen a metade da economía?

Por que son obxecto de chiste?

Por que o seu traballo permanece invisible?

ONDE ESTÁN AS SEÑORAS?

Presenta: D<sup>a</sup> María Armesto. Directora Artística MITCFC



## GRUPO DE ESTUDOS AUDIOVISUAIS DA USC

VENRES, 09 XULLO 19:30 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

19:30H. ATRAVESAR A FENDA. EXPERIENCIAS CARA Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA INVESTIGACIÓN E DOCENCIA EN COMUNICACIÓN

**D<sup>a</sup> MARGARITA LEDO ANDIÓN. Escritora, cineasta, catedrática de comunicación audiovisual e directora do Grupo de Estudos Audiovisuais da USC.**

19:45H. A CREACIÓN DO SUXEITO FEMININO NO CINEMA. INICIOS, CONSOLIDACIÓN E NOVOS CAMIÑOS DA TEORÍA E CRÍTICA FEMINISTAS.

**D<sup>a</sup> MARTA PÉREZ PEREIRO. Profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación (USC) de Comunicación Audiovisual e Xornalismo.**

20:00H PROSTITUTAS, LABREGAS, COIDADORAS E CRIADAS. A REPRESENTACIÓN DAS MULLERES GALEGAS NO CINEMA DA FIN DO SÉCULO XX.

**D<sup>a</sup> SILVIA ROCA BAAMONDE. Forma parte do Grupo de Estudos Audiovisuais da USC. Licenciada en Comunicación Audiovisual e Xornalismo pola USC.**

20:15H. MULLERES, HOMES E VIDEOXOGOS. SEXISMO, EXCLUSIÓN E NARRATIVAS DISIDENTES.

**D<sup>a</sup> CLAUDIA NEIRA EXPÓSITO . Forma parte do Grupo de Estudos Audiovisuais da USC. Licenciada en Comunicación Audiovisual e Xornalismo pola USC.**

**PRESENTA E MODERA**

**D<sup>a</sup> Mónica Camaño. Actriz**



## PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2021

A D<sup>a</sup> MARGARITA LEDO ANDIÓN, GALICIA

SÁBADO, 10 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

A D<sup>a</sup> MARGARITA LEDO ANDIÓN

En recoñecemento ao seu labor como escritora, cineasta, investigadora e docente.

Por apostar, no ámbito académico, por unha educación en Comunicación Audiovisual con perspectiva de xénero. E, como cineasta, por utilizar o ollo da cámara ao servizo do corpo e da realidade das mulleres, situando ás súas protagonistas como donas da propia existencia e impulsar un imaxinario colectivo no que as mulleres son auténtica NACIÓN.

Margarita Ledo Andión é un referente indiscutible para as novas xeracións de comunicadoras e creadoras que tan necesitadas están de exemplos de mulleres comprometidas co pensamento feminista no eido cultural e audiovisual

Cineasta, escritora, académica e catedrática de Comunicación Audiovisual da USC (na que exerceu como Decana), é numeraria da Real Academia Galega.

# #EVENTOS

XOVES, 01 XULLO 20:00 E 21:00\* · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

## TEATREIRO DE SEU

20:00 INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN · 21:00 HOMENAXE A X. M. PAZOS VARELA

02 A 10 DE XULLO · BIBLIOTECA AUDITORIO MUNICIPAL

## FONDO TEATRAL MARÍA CASARES

CONCELLO DE CANGAS, A.C. ENTRE BAMBALINAS E TEATRO DE NINGURES

VENRES, 02 XULLO 19:00 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

## HISTÓRIA DA DANÇA CONTEMPORÁNEA NA GALIZA

PRESENTACIÓN LIBRO DE AFONSO BECERRA DE BECERREÁ

VENRES, 02 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

## PREGÓN INAUGURAL

FRAN PAREDES

SÁBADO, 03 E XOVES, 08 XULLO 23:40 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

## COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA 2021

ERREGUETÉ

LUNS, 05 XULLO 20:00 · XARDÍNS DO SEÑAL E SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO

## REVOLTALLO

ARTISTAS E COLECTIVOS CULTURALS DE CANGAS

LUNS, 05 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

## AS BRUXAS DE SALEM

ETC. ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS · ESTREA ABSOLUTA

MARTES, 06 XULLO 16:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

## III ENCONTRO TEATRO E EDUCACIÓN

COLOQUIO

MARTES, 06 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

## 100 NÚMEROS DA REVISTA GALEGA DE TEATRO

GALA ERREGUETÉ

DO 7 AO 10 DE XULLO · CASA DA CULTURA

## OBRADOIRO PAÍS

A QUINTA DO CUADRANTE E INCENDIARIA

XOVES, 08 XULLO 2021 16:30 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

## TEATRAGAL 25 ANOS DESPOIS

ENCONTRO

SÁBADO, 10 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

## PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2021

A CAMILO FRANCO





# TEATREIRO DE SEU

**XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA. CANGAS 1957-VIGO 2021  
MESTRE, POLÍTICO, TRADUTOR E AUTOR TEATRAL**

Como se dun xogo teatral se tratase, brincadeira premonitoria do seu fado, Xosé Manuel Pazos Varela veu a este mundo en Coiro, Cangas, na chamada Casa da Inquisición, decorado perfecto para albergar o nacemento de quen se ía converter nun destacado autor teatral, nun teatreiro de cabeza e corazón que, mergullado no veneno do teatro, imaxinou e escribiu en 1989 a que ía ser a súa peza máis representada, a traxedia dunha vítima da Inquisición, María Soliña, o primeiro texto teatral escrito sobre este episodio histórico, un poema dramático publicado e levado a escena como espectáculo clásico, como o macro evento que cada ano conmemora a defensa da vila fronte aos piratas berberiscos, ou mesmo como unha ópera folk. María Soliña é un símbolo de Cangas, galego e universal, ao que o autor contribuíu, non só coa súa peza senón como rexedor municipal, favorecendo que o símbolo se levara ao cine, a unha escultura ou ao nome dunha rúa. Un home de teatro que procurou que a cultura entrase pola porta grande nas institucións.

Dinamizador, emprendedor, enérxico, locuaz, valen-

te e cun extraordinario sentido do humor, Xosé Manuel era un amante das verbas, do debate de ideas, gran conversador e brillante orador. Conta a súa nai que, xa de neno, gustaba de subirse a un alto para declamar as súas precoces ocorrencias literarias. Escritor compulsivo, caderno e lapis no peto, a punto para atrapar ao voo calquera idea que lle suxerise a vida, a realidade ou a sociedade. Pazos escribiu de todo e ben, artigos, prólogos, relatorios, letras para cancións e comparsas do entroido, e versos, versos aínda por editar. Mais, sobre todo, escribiu, traduciu e adaptou teatro.

Dramaturgo afeito a escribir a pé de escena, capaz de recoller as propostas de actrices, actores ou dirección para traballar nelas na soidade da noite e levalas ao seguinte ensaio fundidas nun texto novo, vivo e palpitante, todo un mérito que o sitúa, neste sentido, como un dramaturgo avant la lettre, ese que recibiu un Premio MAX por Emigrados.

Prolífico tradutor, trouxo ao galego dramaturxias clásicas e contemporáneas como as de Marlowe, Pirandello, Juan Mayorga, Laila Ripoll, Valle Inclán, Sanchis Sinisterra, Ernesto Caballero, Itziar Pascual, Benet i Jornet, Yolanda Pallín, Federico García Lorca, cunha rítmica e exquisita tradución de Amor de Don Perliplim con Belisa no xardín, ou coa Charca Inútil de David Desola, pola que recibiu un Premio María Casares.

Xosé Manuel Pazos Varela entendía o teatro como ferramenta artística, pedagóxica e lúdica, sempre vinculada á realidade. O teatro que lle interesou dende os seus comezos tiña un inequívoco carácter social. Hoxe agradecemos que o seu activismo e compromiso deixara tan importante pegada na Cangas daqueles escuros anos nos que o país era un ermo, e nos que contribuíu a iluminar a vila con arte, teatro e cultura. Un exemplo é a longa vida da Asociación Cultural Xiria e desta Mostra que dirixiu os dez primeiros anos e que hoxe tanto o bota a faltar.

Estréase como mestre na montaña sanabresa, en Lubián, onde desenvolve unha intensa actividade teatral. Xa en Cangas, nos colexios de San Roque e Montecarrasco, foi pioneiro en incorporar o teatro como recurso pedagóxico e, como concelleiro de Cultura, en impulsar as artes escénicas nos centros educativos. Pazos implicouse a fondo no movemento teatral da vila e na consolidación do sistema teatral galego. Escribiu, traduciu e foi membro do consello de redacción da erregueté, ate o seu pasamento. Sempre pronto en apoiar a cultura, o seu labor foi decisivo para que unha vila tan amante do teatro como Cangas contase cun Auditorio Municipal como o que hoxe desfruta toda a cidadanía.

Xosé Manuel traballou para algunhas das míticas compañías galegas de teatro pero vai ser en Teatro de Ningures, a compañía que funda en 1986, onde concentrará o seu talento creativo e xeneroso ate o seu derradeiro día.

Sería imposible citar aquí todo canto fixo por converter esta vila en Terra das Artes, plásticas, escénicas, audiovisuais ou musicais pero, sen dúbida, Pazos foi algo máis que un mestre, que un político, que un dramaturgo ou que un teatreiro, Xosé Manuel Pazos Varela foi un auténtico embaixador da Cultura, esa persoa que o sector escénico galego lembra hoxe como o ALCALDE DO TEATRO.

#### HOMENAXE

38 anos despois de que Xosé Manuel Pazos Varela, xunto a un pequeno grupo de persoas con xiria, idease e crease esta Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo, queremos facer un recoñecemento á súa persoa e ao seu labor, a través dunha sinxela homenaxe composta por unha exposición documental e un acto lúdico no que estarán presentes as artes que tanto amou, teatro, danza, poesía, música... e a súa xente.

PREMIO DE HONRA 2021 DA ACADEMIA GALEGA DE TEATRO A XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA.

A xunta directiva da Academia Galega de Teatro recoñece así o labor de toda unha vida dedicada á promoción e desenvolvemento do teatro galego.



**TEATREIRO DE SEU**  
XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA CANGAS 1967-VIGO 2021  
XOVES 1 DE XULLO AUDITORIO MUNICIPAL  
20:00H INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN DOCUMENTAL  
21:00H HOMENAXE A XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

    [www.mostrateatrocangas.gal](http://www.mostrateatrocangas.gal)

EXPOSICIÓN DOCUMENTAL E HOMENAXE A XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA  
XOVES, 01 XULLO · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS  
20:00 INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN · 21:00 HOMENAXE

#### PARTICIPAN:

**Anxo Graña, músico.**  
**Aurora Prieto, Concelleira de Cultura.**  
**Blanca Francés, cantora.**  
**Cándido Pazó, autor, director e contador de historias.**  
**Carme Penim, cantante.**  
**Diego Seixo, comisariado exposición.**  
**Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán", titiriteiro e cantor.**  
**Etelvino Vázquez, director e actor.**  
**Felipe Lubián, alcalde de Lubián.**  
**Héctor Pazos, músico.**  
**Henrique Harguindey, profesor e tradutor.**  
**Manuel F. Vieites, investigador.**  
**María Armesto, dramaturga.**  
**María Barcala, actriz.**  
**Paco Alfaro, músico.**  
**Pepa Barreiro, actriz.**  
**Salvador del Río, actor.**  
**Silda Alfaro, actriz.**  
**Sonia Rúa, actriz e vestuarista.**  
**Uxía, cantante.**  
**Xico de Cariño, músico.**  
**Xulio Lago, director e actor.**  
**A.C. Lembranzas da Ría, baile tradicional.**  
**A.C. Peis d`hos.**  
**Banda de gaitas Tromentelo.**  
**ETC. Escola de teatro de Cangas (Grupo: Posta en escena).**  
**Comisión organizadora do acto: Che Mariño, Antón Pazos, Antón Lamapereira e Silda Alfaro.**  
**O noso agradecemento a María Xosé González Domínguez, viúva de Xosé Manuel Pazos Varela, pola súa colaboración e o empréstimo de obra e material documental do autor.**

# FONDO TEATRAL MARÍA CASARES

02 A 10 DE XULLO · BIBLIOTECA AUDITORIO MUNICIPAL



O Fondo Teatral María Casares está integrado na Biblioteca Pública de Cangas do Morrazo e é o resultado dun convenio impulsado por Xosé Manuel Pazos Varela e asinado no ano 1995 entre o Concello de Cangas, a Asociación Cultural Entre Bambalinas (editora da Erregueté/revista galega de Teatro) e Teatro de Ningures.

O FTMC conta actualmente con arredor dun millar de volumes e revistas, que son unha base moi útil para todas as persoas interesadas polo feito teatral, sendo un depósito especializado en teatro único en Galicia.

## PRESENTACIÓN "HISTÓRIA DA DANÇA CONTEMPORÁNEA NA GALIZA"

VENRES, 02 XULLO 19:00 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS



Afonso Becerra de Becerreá. Dramaturgo e director, Doutor en Artes Escénicas pola UAB, Graduado en Arte Dramática polo Institut del Teatre de Barcelona, Docente na Escola Superior de Arte Dramática da Galicia, Director da Revista Galega de Teatro.

Velaquí a primeira historia da danza en Galicia. Un exercicio de recuperación parcial da memoria de unha das artes máis efémeras e difíciles de narrar, desde os seus primordios até 2020, co foco no seu período de eclosión e esplendor.

Contar a danza non é unha tarefa fácil, mais, como todo o imprescindible na vida, necesita ser contada. Ninguén podería concibir unha vida sen danza, e tampouco se pode concibir unha cultura sen a arte da danza. Ademais, escribir a súa historia é un exercicio de xustiza coas heroínas e heroes que decidiron dedicarlle a súa vida, nun contexto de extrema dificultade.

Nesta historia centrámonos na danza contemporánea, que é a máis libre e heterodoxa de todas as modalidades e estilos. Aquela que, por tanto, mellor pode expresar a creatividade dun pobo. A galega é especialmente poética, dentro dun efervescente eclecticismo. Quer máis conceptual, quer máis acrobática e circense ou co pé no tradicional, a danza contemporánea galega nunca renuncia ao existencial e á ligazón coa terra. Habituada ao adverso, o seu vitalismo é irredutíbel. ...



## PREGÓN INAUGURAL · FRAN PAREDES

VENRES, 02 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

Chámome Francisco Javier Paredes Costa. Así, con dous nomes e dous apelidos, á antiga usanza. Vin a este mundo nun hospital alá polo mil novecentos ... polo mil novecentos ... en fin, como dicía Groucho, "non ten importancia saber cantos anos teño, é cousa sabida que nacín a unha idade ben temperá". Despois vivín en Moaña, de onde é a miña familia, a primeira parte da miña vida, ata o dous mil ... o dous mil ... en fin, que xa era o século seguinte, cando marchei vivir para O Hío en Cangas, e ata agora. O certo é que nunca tiven moi claro que era o que quería facer da miña vida, e ante tal indecisión crónica, ou se cadra motivado por ela, probei a facer un pouco de todo:


Fun xogador de fútbol alcólico nun tellado, cociñeiro de campaña con coraxe, reporteiro milhomes cunha superidentidade secreta nun xornal, faranduleiro de notable enxeño con moito llullu, pallaso excéntrico en circos enmeigados, pirata entre morcegos, xogador no tranvía do desexo, nigromante de faustas cerimoniais, aviador sobre desertos con principiños, escritor paranoico nun círculo, devoto tartufo, home pobre na miseria e home rico sen misericordia, emigrado na Arxentina, tolo nunha bailadela, criada de bile negra, cego de cantares por terras de ningures, piloto da Pinta, pai en Áulide de Ifixenia, esposo de Penélope no outro lado do charco, propietario dun serradoiro, empresario arribista sen escrúpulos, conde arruinado, enredante avogado, garda civil, policía e narco, parado na procura da felicidade dos cans...

En fin, que aínda que non me deron a elixir, de entre todas as vidas supoño que eu escollín aquela que un día Sanchís Sinisterra tan acertadamente definiu en boca do seu Nicolás de los Ríos, famoso representante: "metade mendigo, metade puta". Así, metade e metade.

Fran Paredes. Piollo. Quero dicir, actor ...Ou algo parecido...

# COLOQUIOS ENTRE PÚBLICO E ESCENA 2021

SÁBADO, 03 E XOVES, 08 XULLO 23:40 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS



Por cuarto ano consecutivo, a ERREGUETÉ – Revista Galega de Teatro, en colaboración coa Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, coa vontade de reforzar as pontes entre público e escena, presenta un ciclo de conversas con varias das compañías que visitan a 38 edición da MITCFC.

## OS ENCONTROS TERÁN LUGAR AO REMATE DE CADA ESPECTÁCULO


Sábado 3 de xullo co equipo artístico de LA SEÑORITA MARGARITA de Petra Martínez e Juan Margallo.

Xoves 8 de xullo co equipo artístico de ESPÉCIES LÁZARO de Teatro Art´Imagem.

## REVOLTALLO

ARTISTAS E COLECTIVOS CULTURAIS DE CANGAS

LUNS, 05 XULLO 20:00 · XARDÍNS DO SEÑAL · SALA EXPOSICIÓN AUDITORIO



**CURSO DE CREACIÓN ESCÉNICA DA ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS:**  
"neuras3@ju/pau/yes"

**ESCOLA DE DANZA MAITE QUIÑONES:**  
"Rúa en Danza"

**MARGA OUTERIAL:** "Danza oriental"

**LOHENGRIN TEATRO:** "Coa mirada nas túas mans"

**O CANTAR DAS ANDURIÑAS:** "En Caixas"

**TEATRO ABERTO:** "Nada"

## III ENCONTRO TEATRO E EDUCACIÓN

MARTES, 06 XULLO 16:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

Desde a MITCFC queremos asumir o compromiso de afondar e insistir nas reflexións e intercambio de experiencias sobre Teatro e Educación.

### O TEATRO COMO FERRAMENTA PEDAGÓXICA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA

**Asunción Sónora, Directora do IES Jhoan Carballeira de Bueu.** Responsable do grupo de teatro Comediantes Anónimos.

**Rosa María Domínguez, Responsable do grupo de teatro Comediantes Anónimos do IES Johan Carballeira de Bueu.**

**Carla Magalhães, actriz, directora artística do grupo de teatro Krisálida, mestra en educación artística e docente do ensino superior.**

**Pablo Fernández, Mestre de inglés e secretario no CIP PI. Arquitecto Palacios de Panxón. Director do grupo de teatro Porta Aberta de Vigo e fundador do grupo Teatro do Ar, de Nigrán.**

**Moderadora: Xoán Carlos Riobó. Dramaturgo e Director de escena.**

**ETC**  
ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS  
PRESENTA  
**AS BRUXAS DE SALEM**  
DE ARTHUR MILLER

INTÉRPRETES:  
AMPARO MESAS · ANA IGLESIAS · ANDRÉS GESTEIRO · ÁNGELES MENDUÍÑA · CARLOS GÓMEZ  
JUAN LUIS PÉREZ · MARÍA FERNÁNDEZ · MARÍA JOSÉ LAGOA · MANUEL MAÑÁ · NOELA AVENDAÑO  
ROSA E. GANTES · SARA MALVIDO · SARA NIETO · SONIA COUTO · SONIA SALGADO  
VANESA GONZÁLEZ GRAÑA e XOSÉ R. ROCHA (MÚSICO EN ESCENA)

TRADUCCIÓN: XOSÉ MANUEL PAZOS  
ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO: ETC  
MÚSICA: XOSÉ R. ROCHA  
ILUMINACIÓN: SALVADOR DEL RÍO  
IMAXE: DIEGO SEIXO  
TÉCNICO: HÉCTOR PAZOS

DIRIXIDO POR SILDA ALFARO

Logos at the bottom: Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, ningares produción, Concello de Cangas, Auditorio Municipal de Cangas.

## AS BRUXAS DE SALEM

ETC. ESCOLA DE TEATRO DE CANGAS · ESTREA ABSOLUTA  
LUNS, 05 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

A ETC nace en 2008 co obxectivo de facilitar o coñecemento da práctica teatral e mostrarlle ao público o resultado dese traballo coa posta en escena de obras interpretadas polo alumnado, da man do equipo de Teatro de Ningures.

Salem (Massachusetts). Un grupo de mociñas, reprimidas e irritadas pola sufocante atmosfera á que son sometidas polos seus maiores, bailan espidas no bosque. Son descubertas e, incitadas polas súas terribles acusacións, en principio defensivas, todos os habitantes do pobo son presa dunha estraña histeria colectiva que remata nunha fortísima represión de persoas acusadas de bruxería.

**Destinado a:** Público adulto

**Duración:** 95'

**Dirección:** Casilda Alfaro

**Autoría:** Arthur Miller

**Intérpretes:** Amparo Mesas, Ana Iglesias, Andrés Gesteiro, Ángeles Menduía, Carlos Gómez, Juan Luis Pérez, María Fernández, María José Lagoa, Manuel Mañá, Noela Avendaño, Rosa E. Gantes, Sara Malvido, Sara Nieto, Sonia Couto, Sonia Salgado, Vanesa Gonzalez Graña e Xosé R. Rocha

**Tradución:** Xosé Manuel Pazos

**Escenografía e vestuario:** ETC

**Coreografía:** Maite Campos

**Música:** Xosé R. Rocha

**Iluminación:** Salvador del Río

**Cartel e programa:** Diego Seixo

**Técnico:** Héctor Pazos





## GALA ERREGUETÉ. 100 NÚMEROS DA REVISTA GALEGA DE TEATRO

MARTES, 06 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

O acto conmemorativo contará con actuacións musicais, proxeccións audiovisuais e a lectura dramatizada de fragmentos de Tres exercicios para café-teatro, de Xosé Manuel Pazos Varela, publicado no número 45 da errequeté. Presentaranse os números 100 e 101 da revista.

**Interpretación musical:** Carmen Penim.

**Dirección das lecturas dramatizadas:** Ricardo Solveira

**Interpretación das lecturas dramatizadas:** Casilda Alfaro,

Sonia Rúa e Antón Lamapereira

**Presentación da gala:** Ana Abad de Larriva



## OBRADOIRO PAÍS

DO 7 AO 10 DE XULLO · CASA DA CULTURA

Neste mundo globalizado, que significado outorgamos á palabra país? Podemos sentirnos identificadas con esa palabra? Onde radica a nosa identidade? Que reaccións provocan en nós os termos patria ou nación? Este obradoiro pretende ser un espazo no que reflexionar escenicamente de maneira individual e colectiva arredor de conceptos que poden resultar incómodos ou polémicos pola súa utilización por parte de distintos partidos políticos e / ou medios de comunicación. PAÍS nace do desexo de Incendiaria e A Quinta do Cuadrante por investigar arredor do concepto de país, en conexión directa co proceso de posta en escena da peza A lúa vai encuberta, proxecto baseado na obra de Manuel María co que ambas compañías veñen de gañar o II Certame Manuel María de Proxectos Teatrais.

**TITO ASOREY:** Actor e director de escena. Cofundador da compañía A Quinta do Cuadrante.

**VANESA SOTELO:** Dramaturga, actriz e directora teatral. Cofundadora da compañía Incendiaria.

**MELANIA CRUZ:** Actriz. Cofundadora da compañía A Quinta do Cuadrante.

**DAVIDE GONZÁLEZ:** Músico e actor. Cofundador da compañía Incendiaria.

O obradoiro enmárcase dentro da colaboración da MITCFC co proxecto A lúa vai encuberta, gañador do II Certame Manuel María de Proxectos Teatrais



## TEATRAGAL 25 ANOS DESPOIS

XOVES, 08 XULLO 2021 16:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

Van 25 anos desde a estrea de Terra de Lobos, 1ª coprodución de Galicia e o norte de Portugal (Teatro do Noroeste de Viana do Castelo e Teatro de Ningures de Cangas) que deu lugar ao 1º Teatragal, espazo de reflexión, de diálogo e de intercambio de experiencias. Foron encontros de ida e de volta: no marco da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e no Teatro Sá de Miranda de Viana do Castelo. Estes Encontros propiciaron e favoreceron posteriores proxectos compartidos e experiencias comúns que durante anos contribuíron á consecución dunha maior irmandade teatral. 25 anos despois, queremos ser anfitrións dun novo Encontro que nos permita retomar ese espazo común de diálogo e de reflexión.

### TEMAS

**A RELACIÓN DE GALICIA CO NORTE DE PORTUGAL  
A CREACIÓN ESCÉNICA NESTES 25 ANOS**

### PARTICIPAN

**Elisabete Pinto. Actriz. Directora do Teatro do Noroeste de Viana do Castelo (CDV).**

**José Leitao. Director e actor do Teatro Art'Imagem de Porto.**

**Ricardo Simoes. Director artístico do Teatro do Noroeste de Viana do Castelo (CDV).**

**Rui Madeira. Director da Companhia de Teatro de Braga.**

**Camilo Franco. Escritor e crítico teatral.**

**Carlos Santiago. Dramaturgo, director, actor.**

**Chelo Pampillón. Presidenta de FEGATEA.**

**Fran Núñez. Director do Centro Dramático de Galicia (CDG).**

**Luma Gómez. Actriz. Teatro do Noroeste.**

**Manuel Xestoso. Escritor, tradutor e crítico teatral.**

**María Barcala. Actriz. Teatro do Atlántico.**

**Marta Pazos. Directora, dramaturga, escenógrafa, vestuarista e intérprete. Voadora.**

**Pepa Barreiro. Actriz, Teatro de Ningures.**

**Xesús Ron. Director e actor. Grupo Chévere.**

**Zè Paredes. Dramaturgo, director e actor.**

**Modera Manuel F. Vieites, Investigador.**

Agradecemos a colaboración de Zé Paredes na organización deste evento.

## PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2021

SÁBADO, 10 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS

### PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL A CAMILO FRANCO

A organización da XXXVIII MITCFC concede o Premio Xiria ao Labor Teatral ao narrador, xornalista e crítico teatral, Camilo Franco, en recoñecemento ao seu importante labor como xornalista cultural e, particularmente, polo exercido como crítico teatral en xornais e medios de comunicación de Galicia e co que demostrou, ao longo de tantos anos, un empeño extraordinario por dignificar o teatro galego. Un labor que, ao noso entender, contribuiu de xeito indiscutible á normalización e profesionalidade da crítica teatral no noso país.

### CAMILO FRANCO. OURENSE, 1963

Escritor nas súas mais variadas ocupacións: xornalista, crítico teatral, narrador.

Libros: A lúa no cénit, En malos pasos, Por Conto Alleo, Palabras Contadas, Dez Obras na vida de Vidal Bolaño, Balada triste de moqueta

Libros en rede: Por conto alleo, Necesariamente X, Balada triste de moqueta.

Traballos con públicos: Matar un conselleiro, Queres ser arte contemporánea? Queres ser ou non ser un personaxe de teatro?

Foi crítico teatral en: La Voz de Galicia, Diario Cultural da Radio Galega, Radio Voz, Televisión de Galicia, Erregueté.

Espectador en máis de 2000 obras teatrais.



[www.mostrateatrocangas.gal](http://www.mostrateatrocangas.gal)



# MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS

ORGANIZAN



PATROCINAN



COLABORAN



centro  
dramático  
galego